


ÁNGELES RODRÍGUEZ

A Asociación de Escritores en Lingua Galega edita un libro dixital cunhas 40 colaboracións orixinais sobre Lois Pereiro

A mediados de marzo a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) lanzaba unha proposta aos seus asociados: a elaboración dun libro homenaxe a Lois Pereiro. Dende entón ata o 10 de abril, a AELG recibía unhas corenta colaboracións tanto de carácter escrito como gráfico. Trátase “dunha proposta editorial pioneira, vertebrada ao redor de Lois Pereiro, que nace coa vontade de contribuírmos desde a AELG á maior visibilización do autor na sociedade desde un formato innovador e multidisciplinar, nexos de unión coa propia experiencia creativa do escritor merecente da homenaxe do Día das Letras Galegas o vindeiro 17 de maio”, comenta a secretaria xeral desta asociación, Mercedes Queixas.

Despois de completarse o prazo para a recepción dos traballos, comezaba o proceso de maquetación. “A tipoloxía das colaboracións é moi variada, pois abrangue dende textos inéditos a obra gráfica inspirada sempre na poética de Lois Pereiro”, continúa Queixas. A partir delas elaborouse unha edición en soporte electrónico que dende finais de abril será accesible e poderá descargarse de maneira gratuita na páxina web da asociación: www.aelg.org, “pois é vontade

Proposta pioneira



Carta do proxecto cultural “Vento Lois”, no que participa a AELG:

nosa que a súa difusión sexa o máis ampla posíbel”, asegura a secretaria da AELG.

Este libro dixital sobre o poeta monfortino Lois Pereiro recolle corenta colaboracións inéditas de autores/as “contemporáneos a Lois Pereiro ou non, a maioría poéticas, mais combinadas con ilustracións, fotografías, caricaturas, etc. Sobrancean, entre outros autores, Siro López, Estíbaliz Espinosa, Xavier Queipo, Baldo Ramos, Concha Blanco, Carlos Negro, Lino Braxe, Lucía Novas, Chelo Suárez, Rosa Méndez, Xulio López Valcárcel, Xavier Seoane, Xosé Vázquez Pintor, Ramón Caride e Cesáreo Sánchez”, segundo adianta a secretaria da AELG.

Non será esta a única proposta que se promoverá dende esta asociación de escritores para homenaxear e difundir a obra do poeta monfortino neste ano 2011. Así a AELG está colaborando cos

diversos actos que se están a desenvolver na comunidade galega co nome común de “Vento Lois”.

“O primeiro acto”, lembra Mercedes Queixas, “celebrouse o pasado mes de marzo no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e consistiu nunha manifestación poético-musical desde a Praza de María Pita deica o propio teatro onde se fixo unha lectura colectiva, moi plural, de poemas e outros textos narrativos de Lois Pereiro”.

Dentro desta singular iniciativa cultural outra data de referencia será a do vindeiro 12 de maio, día que no que está previsto que se celebren “actos expansivos dentro e fóra do país, ao redor do mundo pereiriano, que vincularán poesía e música e para o que a AELG axudará mobilizando a base asociativa espallada por toda Galiza, mais tamén noutras partes do Estado e do exterior”, explica a secretaria da AELG.

Premios e Cea das Letras

Na noite do 30 de abril desvelaranse os nomes dos galardoados nos Premios AELG 2011. Unhas trinta obras finalistas, publicadas no 2010, compiten por estas distincións nun total de oito categorías: blog literario, ensaio, literatura infantil-xuvenil

(AELG-Gálix), mellor traxectoria en xornalismo cultural 2010 (AELG-Colexio de Xornalistas), narrativa, poesía, teatro e tradución.

O premios, que cumplan a súa duodécima edición, serán entregados no decurso dunha cea no hotel Porta do

Camino de Santiago.

Ademais destas categorías, entregaranse dous recoñecementos outorgados pola asemblea de socios/as da AELG: o premio para a institución que se caracteriza pola súa contribución á divulgación da literatura galega, que nesta edición

será para a Fundación Penzol; e o Premio AELG 2011 “Escritor Galego Universal”, concedido a Antonio Gamoneda, por ser un autor que “combina a excelencia literaria co compromiso ético que o converte en referente na defensa da dignidade humana”.



Un dos momentos do acto de entrega do pasado ano dos Premios AELG.